



BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DUN/DUNHA TRABALLADOR/A SOCIAL PARA OS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE TABOADELA

1. CONVOCATORIA.

Teñen por obxecto as presentes bases regular a contratación temporal polo sistema de concurso de méritos dun/dunha traballor/a social a media xornada para os Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Taboada.

A presente convocatoria ten en conta o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres polo que se refire ao acceso ao emprego de acordo coa Constitución e á Lei de Igualdade.

Dita contratación está financiada pola subvención do Plan Concertado, ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

2. CARACTERÍSTICAS DO POSTO.

Serán funcións a desempeñar polo/a contratado/a as previstas na lexislación vixente e propias da súa categoría profesional.

3.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos para participaren no concurso:

a) Nacionalidade.- Ter a nacionalidade española. Ademais, e consonte co establecido na Lei 17/1993, do 23 de decembro, poderán acceder os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, así como os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea,





CONCELLO DE TABOADELA Ourense

sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe- sempre que non estean separados de dereito- menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas. As mesmas regras aplicaranse, de ser o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais realizados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Ademais das persoas sinaladas no parágrafo anterior, poderán acceder a ela os estranxeiros que se atopen residindo en España, de acordo co previsto no artigo 10.2 da vixente Lei orgánica de dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

b) Idade.- Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Titulación: Diplomatura en Traballo Social e/ou Grao en Traballo Social.

d) Capacidade funcional: Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Habilitación: non ser separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos, o acceso ó emprego público.

f) Deberá presentar o certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, que depende do Ministerio de Xustiza.

4.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Os interesados deberán presentar as solicitudes nos Rexistros Xerais do Concello ata as 14:00 horas do décimo día hábil seguinte ao da publicación do correspondente anuncio nos Taboleiros de Anuncios e na Páxina Web do Concello, mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, achegando a seguinte documentación:

- A titulación esixida para desempeñar o posto ao que se opta (aportará o orixinal ou a copia compulsada do título esixido)





CONCELLO DE TABOADELA Ourense

- Fotocopia compulsada ou orixinal en vigor do D.N.I ou da tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas o Entidades Locais, nin de atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Relación de méritos que alega, e documentos xustificativos dos mesmos en orixinal ou fotocopia compulsada.
- Certificación de traballos realizados ata a data en tarefas similares as do posto ofertado, para determinar a experiencia. Cómpre achegar Informe da Vida Laboral e copias dos contratos.
- Certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, que depende do Ministerio de Xustiza.

5.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Logo de rematado o prazo de presentación de instancias Á Alcaldía, como responsable de persoal, ditará unha resolución na que se aprobará a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, que será exposta no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Taboadea.

Os aspirantes excluídos e omitidos disporán dun prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación desta resolución, para emendar o defecto que motivase a exclusión.

6.- MÉRITOS A VALORAR PARA A SELECCIÓN.

O baremo aplicado na valoración de méritos xerais será o seguinte:

I) Experiencia profesional :

Polo desempeño dun posto de traballo idéntico ou de similares características e cometidos na categoría de traballador/a social até un máximo de 5 puntos:





CONCELLO DE TABOADELA Ourense

☐ Por cada mes de servizos prestados nas administracións públicas: 0,20 puntos/mes

☐ Por cada mes de servizos prestados no sector privado: 0,20 puntos/mes

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante a presentación do informe de vida laboral ao que se lle xuntará os contratos laborais correspondentes e o certificado de empresa ou de prestación de voluntariado

II) Titulación académica / Formación superior :

Por titulación de posgrado, doutorado ou másters relacionados co contido e funcións do posto de traballo, a valoración máxima neste apartado será de 5 puntos

☐ Título de doutoramento: 3 puntos

☐ Título de másters : 2 puntos

☐ Título de posgrado: 1 punto

III) Formación especializada.-

Pola realización de cursos ou xornadas **RELACIONADAS CO CONTIDO DO POSTO DE TRABALLO**, ata un máximo de 5 puntos.

- a) Cursos de máis de 750 horas, 1.50 puntos por curso, ata un máximo de 5 puntos.
- b) Cursos de 456 a 750 horas, 1 punto por curso, ata un máximo de 4 puntos.
- c) Cursos de 100 a 455 horas, 0.75 puntos por curso, ata un máximo de 3 puntos.
- d) Cursos de 50 a 99 horas, 0,25 puntos por curso, ata un máximo de 1,50 puntos.
- e) Cursos de 10 a 49 horas, 0,15 puntos por curso, ata un máximo de 1,25 puntos.
- f) Por cursos de menos de 10 horas, xornadas, diplomas, etc., 0,05 puntos, ata un máximo de 0,25 puntos

No suposto de que non exista constancia da duración dos cursos ou xornadas en horas, os mesmos valoraranse a razón de 0.05 puntos.





CONCELLO DE TABOADELA Ourense

Será necesaria documentación acreditativa do contido dos cursos, cando este non se deducise da propia denominación dos cursos.

III) Por coñecemento acreditado do idioma galego a través de títulos CELGA, computarase unicamente o grao superior alegado:

- . CELGA 1: 0,10
- . CELGA 2: 0,20
- . CELGA 3: 0,30
- . CELGA 4: 0,40
- . CELGA 5: 0,50

Para calquera titulación distinta das anteriores, estarase ao disposto na ORDE do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga). DOG num. 34, 19 de febreiro de 2014.

7.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

- a) A composición dos tribunais axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e ao previsto no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei de Emprego Público de Galicia 2/2015 de 29 de abril.
- b) O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, con voz e sen voto.
- c) Para a abstención e recusación dos membros do Tribunal aterase ao establecido no artigo 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público (BOE 236 de 2 de outubro de 2015).

8.- VALORACIÓN DE MÉRITOS, CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DE SELECCIÓN.

Para o caso de empate na puntuación final, darase preferencia e pola seguinte orde:





CONCELLO DE TABOADELA Ourense

- Prevalece o candidato que máis puntos obtivese na orde das letras de baremo
- Persoas que teñan recoñecido o grado de diversidade funcional mínimo esixido
- Solicitante de maior idade.
- Pola letra do seu primeiro apelido ou máis se lle acerque a súa letra á do último sorteo convocado pola Comunidade Autónoma, a efectos de procesos selectivos e que na actualidade corresponde o “S”, segundo a Resolución da Consellería de Facenda do 30 de xaneiro de 2020 pola que se fai público para o ano 2020 o resultado do sorteo ó que se refire o Regulamento de selección de persoal da administración da comunidade autónoma de Galicia (DOG nº 27, con data 10 de febreiro de 2020).

Á vista da valoración de méritos, o tribunal fará públicas as puntuacións provisionais nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Concello, desglosadas por cada apartado do baremo.

Contra esta valoración, provisional, os/as interesados/as poderán formular alegacións ante o tribunal no prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte da publicación reseñada no parágrafo anterior.

Logo de resoltas as reclamacións, se as houbera, o tribunal propondrá a publicación das listas definitivas por orde de puntuación.

9.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO

Rematado o proceso de selección e á vista da proposta que formule o tribunal cualificador, o Alcalde no exercicio das competencias que lle corresponden en materia de persoal, subscribirá o correspondente contrato laboral coa persoa que o tribunal indique que superou o proceso de selección, que pasará a ter condición de persoal laboral deste concello. O acordo definitivo de contratación da Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web para coñecemento público dos e das aspirantes, que poderán interpoñer contra este os recursos previstos na lexislación vixente.





CONCELLO DE TABOADELA Ourense

Ata que se formalice o mesmo, o/a aspirante non terá dereito á percepción económica algunha.

A persoa seleccionada deberá chegar con carácter obrigatorio, previo á súa contratación, informe médico de non padecer enfermidade nin defecto físico que o/a incapacite para o exercicio das tarefas propias deste posto de traballo.

10.- PERÍODO DE PROBA.

Para adquirir a condición de persoal laboral temporal, o/a aspirante seleccionado/a deberá superar satisfactoriamente un período de proba, de conformidade co establecido no artigo 14 do vixente R.D. Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.

11.- INCIDENCIAS.

Os tribunais quedarán facultados para interpretar as bases da convocatoria e para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación. Ademais, poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

12.-DISPOSICIÓN FINAL

As bases da convocatoria e os actos administrativos que deriven delas e a das actuacións do tribunal poderanse impugnar nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das AA.PP.

